

## Porque non se asinaron as Táboas de Infantil?

**A NON FIRMA das táboas de Infantil, que levan bloqueadas máis dun ano, ten a súa historia e os seus responsables, é hora de coñecer a verdade:**

**A CIG elevou ó Servizo Interconfederal de Mediación e Arbitraje (SIMA) un procedemento de mediación de axuste á alza das retribucións inferiores ao SMI. Esta reunión finalizou tendo como resultado o seguinte ACORDO entre o resto das partes intervinientes:**

*“As partes acordan que nas táboas do convenio colectivo, de acordo co SMI, figure un “salario mensual” de 950 euros e un “salario anual” de 13.300 euros, para aqueles salarios cuxa contía no convenio colectivo sexa inferior. O CPP quedará como está na actualidade. Todo iso con efectos do 1 de xaneiro de 2020. Os atrasos abonaranse, se os houbese, ata o último día do mes seguinte ao da publicación das táboas salariais no BOE”*

**Como se pode ver o incremento dos que están por debaixo do SMI e os atrasos quedan condicionados a que se asinen as táboas salariais.**

**A CIG promoveu e asinou este acordo máis non firmou as táboas**, aludindo razóns que ninguén entende; asinan o acordo pero como non asinaron o convenio non se ven obrigados a asinar as táboas (parece un trabalinguas); deixando, pola súa parte, sen efectividade, o acordo acadado no servizo de mediación.

**CCOO elevara outro procedemento en paralelo tamén ao SIMA**, onde pedía un diferencial salarial das educadoras coas auxiliares por diferenza de categoría respecto das compañeiras que subían ó SMI. **CCOO, como propuxera un procedemento propio, non asinou o anterior.** E este procedemento, o de CCOO, atopouse co rexeitamento frontal das patronais e tampouco se asinou.

A UGT participou responsablemente na negociación das táboas de Infantil (como xa o fixera na negociación e desbloqueo do XII convenio de educación Infantil) co fin de non perder a oportunidade de adaptar as nóminas ó SMI. Pero como CIG non asinou e CCOO condicionou a súa sinatura a manter un diferencial maior das educadoras coas auxiliares, uns por outros, as táboas non se asinaron.

**Os compañeiros da CIG e CCOO terán que dar as explicacións oportunas pero a realidade e que AS TÁBOAS NON SE ASINARON E XA VAI MÁIS DUN ANO.**

**Sindicato Nacional de Ensino Privado**